

COPIA DA ACTA N.º 6 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR**Celebración e avaliación da parte práctica e resumo final do proceso selectivo**

Proceso selectivo para a provisión dun posto de traballo de persoal laboral fixo discontinuo a xornada parcial para profesor/a de conservatorio na especialidade de percusión.

Expediente: 2026/E001/000009.

Data: luns, 28 de setembro de 2026. Hora de inicio: 15:00 h. Hora de remate: 19:24 h.

ASISTENTES

CARGO	NOME E APELIDOS	POSTO
Presidente titular	Jesús Alberto García Medraño	Director do CMUS Profesional de Arzúa
Secretaría titular	Diana Medal Rendal	Profesora do CMUS Profesional de Arzúa
Vogal 1.º titular	Rubén González Castro	Xefe de estudos do CMUS Profesional de Arzúa
Vogal 2.º titular	Carla Figueroa Vila	Mestra de música do CPI Dr. López Suárez de Friol
Vogal 3.º titular	Juan Lois Diéguez	Músico solista da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

En Arzúa, ás 15:00 horas do día 28 de setembro de 2026, reúnenos os membros titulares do Tribunal cualificador anteriormente relacionados para a celebración e avaliación da parte práctica do proceso selectivo.

ORDE DO DÍA

1. Celebración da proba de interpretación instrumental.
2. Celebración da proba de lectura a primeira vista.
3. Rolda de preguntas relativa á programación didáctica e determinación da súa cualificación definitiva.
4. Determinación das puntuacións da parte práctica.
5. Recapitulación das actuacións desenvolvidas e determinación das puntuacións finais do proceso selectivo.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN E ACORDOS

Primeiro.- De conformidade coa convocatoria e cos acordos adoptados polo Tribunal nas sesións anteriores, procédese á realización dos exercicios que integran a parte práctica do proceso selectivo.

Segundo.- Unha vez realizadas e valoradas as probas de interpretación instrumental, sobre un máximo de 2 puntos, o Tribunal outorga as seguintes puntuacións:

PERSOA ASPIRANTE	INTERPRETACIÓN / 2
Afonso Francisco Traficante Fernández	1,80
Adán García Rodríguez	1,80

Terceiro.- Realizada a proba de lectura a primeira vista, sobre un máximo de 2 puntos, o Tribunal outorga as seguintes puntuacións:

PERSOA ASPIRANTE	LECTURA A PRIMEIRA VISTA / 2
Afonso Francisco Traficante Fernández	1,60
Adán García Rodríguez	1,80

Cuarto.- En relación coa programación didáctica, na sesión do 27 de setembro de 2026 establecéronse cualificacións provisionais de 1,20 puntos para Afonso Francisco Traficante Fernández e 1,85 puntos para Adán García Rodríguez, pendentes da rolda de preguntas prevista para esta sesión. Unha vez realizada a dita rolda de preguntas, o Tribunal acorda ratificar as cualificacións provisionais, que pasan a ter carácter definitivo, quedando fixadas do seguinte xeito:

PERSOA ASPIRANTE	PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA / 2
Afonso Francisco Traficante Fernández	1,20
Adán García Rodríguez	1,85

Quinto.- Unha vez determinadas as cualificacións definitivas da programación didáctica, a puntuación da parte práctica resulta da suma dos tres exercicios, cun máximo de 6 puntos, quedando fixada do seguinte xeito:

ASPIRANTE	PROGRAMACIÓN / 2	INTERPRETACIÓN / 2	LECTURA / 2	TOTAL PRÁCTICA / 6
Afonso Francisco Traficante Fernández	1,20	1,80	1,60	4,60
Adán García Rodríguez	1,85	1,80	1,80	5,45

Sexto.- Resumo das actuacións do proceso selectivo.

12 de setembro de 2026 — Acta n.º 1. Constitución formal do Tribunal cualificador e inicio dos traballos de elaboración, contraste e revisión do cuestionario tipo test correspondente ao temario común (Anexo III), así como adopción de medidas de confidencialidade e custodia.

13 de setembro de 2026 — Acta n.º 2. Continuación da elaboración e revisión do cuestionario e da plantilla de respostas. Mantense a convocatoria do exercicio do Anexo III para o 21 de setembro ás 16:00 h e acórdase a celebración do exercicio do Anexo IV o 22 de setembro ás 16:00 h.

21 de setembro de 2026 — Acta n.º 3. Celebración e corrección do exercicio tipo test do temario común (Anexo III). Afonso Francisco Traficante Fernández obtén 1,755/2 e Adán García Rodríguez 1,775/2. O Tribunal adopta, ademais, acordos organizativos para o desenvolvemento da parte práctica.

22 de setembro de 2026 — Acta n.º 4. Celebración do exercicio correspondente ao temario específico (Anexo IV). No sorteo resultan extraídos os temas 8, 9, 24, 52 e 59. Tras a realización escrita, lectura e defensa, Afonso obtén 1,18/2 e Adán 1,29/2. Posteriormente revísase no conservatorio o material instrumental dispoñible para a parte práctica.

27 de setembro de 2026 — Acta n.º 5. Análise e corrección das programacións didácticas presentadas. Establécense, con carácter provisional e pendentes da rolda de preguntas do 28 de setembro, as puntuacións de 1,20/2 para Afonso e 1,85/2 para Adán.

28 de setembro de 2026 — Acta n.º 6. Celebración e avaliación da parte práctica. Na interpretación instrumental ambas as persoas aspirantes obteñen 1,80/2. Na lectura a primeira vista, Afonso obtén 1,60/2 e Adán 1,80/2. Tras a rolda de preguntas sobre a programación didáctica, o Tribunal ratifica as cualificacións provisionais da sesión anterior, que pasan a ser definitivas: 1,20/2 para Afonso e 1,85/2 para Adán.

Sétimo.- A parte teórica, integrada polos exercicios dos anexos III e IV, quedou publicada coas seguintes puntuacións totais sobre 4 puntos:

ASPIRANTE	ANEXO III / 2	ANEXO IV / 2	TOTAL TEÓRICA / 4
Adán García Rodríguez	1,775	1,29	3,065
Afonso Francisco Traficante Fernández	1,755	1,18	2,935

Oitavo.- Sumadas as puntuacións da parte teórica e da parte práctica, as puntuacións finais do proceso, sobre un máximo de 10 puntos (4 puntos da parte teórica e 6 puntos da parte práctica), quedan fixadas do seguinte xeito:

ASPIRANTE	TEÓRICA / 4	PRÁCTICA / 6	PUNTUACIÓN FINAL / 10
Adán García Rodríguez	3,065	5,45	8,515
Afonso Francisco Traficante Fernández	2,935	4,60	7,535

Noveno.- Á vista das puntuacións finais obtidas no proceso selectivo, o Tribunal cualificador acorda propoñer para a praza de profesor/a de conservatorio na especialidade de percusión ao aspirante Adán García Rodríguez, por obter a maior puntuación final, con 8,515 puntos sobre 10.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 19:24 horas dáse por rematada a sesión.

E para que conste, esténdese a presente acta, que asinan os membros do Tribunal.

O presidente

Jesús Alberto
García Medraño